



## Tertulias Literarias

### PROGRAMACIÓN GRUPO A outubro – decembro 2016

**26 de outubro:** entregamos...




#### Tantos días felices, de Laurie Colwin

Guido e Vincent son amigos, estudan xuntos e comparten soños: Guido quere escribir poesía e a Vincent gustaríalle gañar o Premio Nobel de Física. Guido coñece a Holly, namorándose perdidamente dela, pero presente que non terán unha relación fácil. Vincent coñece a Misty no traballo e, aínda que ela é unha misántropa terrible, non imaxina outra situación que non sexa saír con ela. Co fondo da Nova York de finais dos setenta, Laurie Colwin retrata a catro persoas intelixentes e bienintencionadas que non poden deixar de crer no amor.

*Comentario: 9 de novembro*

**9 de novembro:** entregamos...




#### Adiós, Hemingway, de Leonardo Padura

Corenta anos máis tarde de saudar a Ernest Hemingway en persoa, abandonado o seu cargo de tenente investigador na policía d'A Habana e dedicado a vender libros de segunda man, Mario Conde vese empuxado a regresar á casa museo de Hemingway, para enfrontarse a un estraño caso: no xardín da propiedade foron descubertos os restos dun home que, segundo a autopsia, morreu fai corenta anos de dous tiros no peito.

*Comentario: 23 de novembro*

**23 de novembro:** entregamos...




#### O coitelo en novembro, de Marilar Aleixandre

¿Que papel teñen as historias na nosa vida? ¿Somos o que contamos? ¿Poden os muiños, aínda que non sexan de vento, derrubar a un por terra? ¿Cantos coitelos entraron en novembro no corpo dun ditador agonizante? Neste libro, talvez unha novela, talvez un mando de relatos, as persoas resistense a ser tratadas como personaxes; os contos auténticos, parte enguedéllanse cos inventados, se é que non son todos inventados.

*Comentario: 21 de decembro*

**21 de decembro:** entregamos...



#### Canadá, de Richard Ford

Dell Parsons ten quince anos cando os seus pais entran no cárcere. Un amigo da familia axudarlle a cruzar a fronteira canadense coa esperanza de que alí poida reiniciar a súa vida. En Canadá farase cargo del Arthur Remlinger, un americano enigmático cuxa frialdade oculta un carácter sombrío e violento.

Richard Ford é premio Princesa de Asturias das Letras 2016

*Comentario: 18 de xaneiro*